

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE POR RAZÓN DA CUANTÍA, DO SERVIZO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.**

**1.-OBXECTO DO CONTRATO.**

O obxecto deste contrato é a adxudicación do servizo de mellora da eficiencia enerxética en iluminación pública do concello de Valdoviño, incluído no Fondo e Compensación Ambiental.

As características do servizo a prestar axustaranse ás condicións que figuran neste Prego e no de prescricións técnicas, que ten carácter contractual. No caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, prevalecerá o primeiro.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

**2.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato terá unha duración máxima de dos meses.

**3.- PREZO E FINANCIAMENTO.**

O prezo máximo do contrato é de 30.286,41, IVE incluído, que se analiza do seguinte xeito:

Importe: 25.030,09 euros.

IVE (21%): 5.256,32 euros.

Importe total IVE incluído: 30.286,41 euros.

**4.- PAGO.**

O pagamento efectuarase, previa presentación de factura regulamentaria no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño.

**5.- REVISIÓN DE PREZOS.**

O prezo do contrato non poderá ser obxecto de revisión.

**6.- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN.**

O contrato adxudicarase polo procedemento negociado sen publicidade, por razón da cuantía.

**7.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.**

Dada a contía deste contrato non é necesaria a clasificación.

## **8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.**

Poderán contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a clasificación esixida.

Os empresarios haberán de contar, de igual xeito, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias se as prestacións do contrato están incluídas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non comunitarias estarán ao disposto no artigo 55 do Rdl 3/2011 de 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público, e demais normativa concordante.

## **9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

As ofertas presentaranse no Concello de Valdoviño, Porta do Sol s/n, en horario de 9 a 14 horas. A documentación para as licitacións presentaranse en sobres pechados, identificados, no exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os candidatos presentarán, no prazo de oito (8) días naturais, contados desde o día seguinte a recepción da invitación.

A proposición constará de dous sobres distintos que se identificarán segundo as seguintes literais:

**SOBRE A:** Proposición para participar na licitación do servizo consistente na mellora da eficiencia enerxética en iluminación pública do concello de Valdoviño. DOCUMENTACIÓN.

**SOBRE B:** Proposición para participar na licitación do servizo consistente na mellora da eficiencia enerxética en iluminación pública do concello de Valdoviño. PROPOSTA ECONÓMICA.

Os sobres presentaranse pechados, identificados no seu exterior conforme ás literais que preceden, asinados polo licitador ou persoa que o represente e con indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, teléfono, fax e correo electrónico.

### **O SOBRE A CONTERÁ A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN.**

(Orixinais ou copias autorizadas por fedatario público ou compulsadas polo Concello de Valdoviño).

A. Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

1.- Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

2.- Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente cotexada.

3-. No caso de actuar en nome de persoa xurídica deberá acreditar a súa representación.

#### 4- Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

-. Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un

certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

#### 5-. Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da organización mundial de comercio.

6. Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias

que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

B.- Verificación de poderes: os poderes a que se refire o apartado anterior, deberaos verificar previamente o secretario da corporación ou funcionario habilitado.

C.- Prohibicións para contratar ou incompatibilidades: Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro, axustado ao seguinte modelo:

D.....con DNI núm .....e domicilio en ..... provincia de..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación denominado.....,

DECLARO que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP.

Así mesmo declaro que a empresa está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

D.- Clasificación e acreditación de solvencia mediante compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:

D.1. Documento de clasificación empresarial (se fora necesaria): certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifican neste prego.

D.2. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Para estes efectos os licitadores deberán concretar os medios materiais e persoais que se adscribirán ao servizo, de conformidade co disposto no artigo 64 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro. Neste sentido os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

TN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

A) Currículo do delegado, xefe do servizo e encargado xeral que poña de manifesto a idoneidade destes pola súa experiencia na execución de servizos con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

B) Número de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

- Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ao servizo, adecuada ás características deste segundo o plan de traballo.

- Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a) LCSP). No entanto, requirirá autorización previa da administración.

A non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori. A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos determinará a exclusión da oferta, previos os informes técnicos correspondentes onde se indiquen estas circunstancias.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigaón esencial para os efectos establecidos no art. 223 f) do Rdl 3/2011, do 14 de novembro. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades, art. 212-1 do Rdl 3/2011, nos termos previstos no presente prego.

E) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada unha, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida nesta cláusula 9 e acreditar a súa capacidade. Posto que se esixe clasificación estarase ao disposto no artigo 56.5 da Lei de contratos do sector público.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

F) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do Rdl 3/2011, do 14

de novembro, presentase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

G) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no rexistro, e en consecuencia, as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998), quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados: A), B), C), D.1, sempre que os citados documentos estean vixentes.

H) Declaración responsable.

Non obstante ao anterior, os licitadores poderán presentar unha declaración responsable indicando que cumpren as condicións establecidas para contratar coa Administración, substituindo a documentación exixida no artigo 146.1 da LCSP debendo aportar o licitador en quen recaiga a proposta de adxudicación, previamente á adxudicación a documentación citada, segundo establece a Lei 14/2013, de 27 e setembro, de apoio aos emprendedores ea súa interacionalización. En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar en cualquier momento anterior a adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Se presentará conforme ao seguinte modelo:

#### «MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, c/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación de la Entidad \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, a

efectos de su participación na licitación \_\_\_\_\_,  
ante \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO SU RESPONSABILIDAD:**

**PRIMERO.** Que se dispone a participar na contratación do servizo de mellora da eficiencia enerxética en iluminación pública do concello de Valdoviño.

**SEGUNDO.** Que cumple con todos os requisitos previos exigidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servicios consistente no servizo de mellora da eficiencia enerxética en iluminación pública do concello de Valdoviño, en concreto:

- Que posee personalidad xurídica e, en su caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa o, en su caso, que cuenta con os requisitos de solvencia económica, financiera e técnica o profesional.
- Que non está incurso en una prohibición para contratar das recollidas no artículo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público e se atopa ao corrente do cumprimento de sus obligaciones tributarias e coa Seguridad Social impuestas polas disposiciones vixentes.
- Que se somete á Xurisdicción dos Juzgados e Tribunales españoles de cualquier orden, para todas as incidencias que de modo directo o indirecto pudieran xurdir do contrato, con renuncia, en su caso, ao foro xurisdiccional extranxeiro que podera corresponder ao licitador. (No caso de empresas extranxeras)
- Que a dirección de correo electrónico en que efectuar notificaciones é \_\_\_\_\_.

**TERCERO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, en caso de que sea proposto como adxudicatario do contrato o en cualquier momento en que sexa requerido para elo.

E para que conste, firmo a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Firma do declarante,

Fdo.: \_\_\_\_\_»

I. Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación. Axustarase ao seguinte modelo:

D.....con DNI núm.....e residencia en.....provincia de.....en nome propio ou da empresa.....á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado.....

AUTORIZA ao Concello de Valdoviño a solicitar a cesión da información, por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ao corrente das obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, consonte ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade



Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

J.- Índice de documentos que integran o sobre: farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

O SOBRE B conterá no seu interior a seguinte documentación:

No mesmo incluírase a Proposición Económica presentada, que deberá incluír,

Proposta económica do ofertante, segundo modelo que figura como anexo I deste prego. O prezo indicárase diferenciando o importe da prestación do IVE que haberá de soportar a Administración. A presentación da proposición presume a aceptación incondicional polo empresario do contido deste prego, sen excepción algunha.

## **10. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

A) Se rexirá polo establecido pola LCSP, empregando o procedemento negociado sen publicidade por razón da contía.

B) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. Para su desenvolvemento e aplicación se tendrán en conta as normas aprobadas polo Pleno da Diputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o 25 de abril de 2008, criterios establecidos en virtude dun convenio suscrito entre a Diputación Provincial de A Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela a través da Facultad de Matemáticas, e publicados na dirección: [www.dicoruna.es/contratacion/valoración](http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion).

C) Unha vez formulada a proposta de adxudicación polo Órgano de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantivesen impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou

aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fose rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

-. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 49.2.d) e 50.2.e) da Lei 34/2010.

-. A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

### *C) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.*

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo máximo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

Cando non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, estarase ao disposto no artigo 156 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro.

### **11. MODIFICACIÓN DO CONTRATO:**

Perfeccionado o contrato mediante a súa adxudicación, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo nos termos

previstos no Título V do Libro I da LCSP introducido pola Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible.

### **12. DEREITOS E OBRIGAS DERIVADOS DO CONTRATO.**

A) OBRIGAS. Serán obrigas básicas do adxudicatario, sen prexuízo das demais esixibles legal ou regulamentariamente, as seguintes:

1. O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dea ao contratista a Administración.

2. O adxudicatario non terá dereito a indemnización ningunha por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados na prestación do servizo, salvo que o concello incorrera en responsabilidade.

3. Os gastos derivados do transporte na prestación do servizo ao lugar convindo serán por conta do adxudicatario.

4. O adxudicatario será responsable dos danos causados a terceiros derivados do deficiente estado das instalacións, debendo ter unha póliza de responsabilidade civil de como mínimo 500.000 €.

5. Facerse cargo dos gastos de publicidade, así como os impostos derivados da presente adxudicación.

**B) DEREITOS DO ADXUDICATARIO:** O adxudicatario terá os seguintes dereitos, ademais dos recoñecidos legal e regulamentariamente:

1. Ao cobro das facturas presentadas, cumprindo as condicións marcadas no prego, no prazo establecido legalmente.

### **13.- GARANTÍAS.**

Consonte ao sinalado no artigo 103 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro, dadas as características do presente contrato non se esixe a constitución de garantía provisional.

O adxudicatario deberá constituír a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído, por calquera dos medios establecidos no artigo 96 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro

### **14. RECEPCIÓN, PERÍODO DE GARANTÍA E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando se teña realizado, conforme aos seus propios termos e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación. Aos efectos previstos no artigo 222 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro, a recepción de conformidade dos traballos realizarase coincidindo coa dos traballos correspondentes ao último mes do período contractual.

O prazo de garantía que se fixa para o contrato é de seis meses, computado a partir do acto formal e positivo de recepción previsto no 222 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro. Rematado o mesmo sen que se formalizase ningún tipo de denuncias ou reparos por parte do Concello, ou resolto o contrato sen culpa do contratista, este quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada e procederá á cancelación da garantía definitiva.

### **15. PRERROGATIVAS DO CONCELLO.**

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no Rdl 3/2011, do 14 de novembro, o Concello de Valdoviño ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. O exercicio das anteditas prerrogativas axustarase ao establecido no artigo 249 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro. Os acordos que se diten neste senso, previa audiencia do contratista, serán inmediatamente executivos e poñerán fin á vía administrativa.

### **16. RESOLUCIÓN E EFECTOS.**

Serán causas de resolución do contrato as recollidas nos arts. 223 e 237 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro. Para a aplicación das causas e a determinación dos efectos estarase ao disposto nos artigos 269, 270 e 271 da mesma norma.

### **17. XURISDICIÓN COMPETENTE.**

Este contrato ten carácter administrativo e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias, e

se é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como nas demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; en caso de substitución aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas en relación á interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa, e contra estes haberá lugar a recurso contencioso - administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Valdoviño, 25 de agosto de 2014

O alcalde accidental

Asdo.: Andrés Pastor Vigo Orjales.